



Concurso-degustación de repostería internacional

- **Cando?** xoves **20 de decembro de 2007** pola tarde.
- **Como participar?** Os interesados deberán anotarse na **conserxaría**, poñendo nome e apelidos, idioma polo que concursan e nome do produto. Así adxudicaráselles un número de participación.

Data límite para anotarse como concursante: martes 18 de decembro ás 21.30 horas

Haberá que cubrir unha **tarxeta** que acompañará o doce o día do concurso. Nela figurará:

1. por unha parte, o número de concursante, nome da sobremesa, idioma polo que concursa e ingredientes dos que está composta. Esta parte é para colocar ao lado do produto presentado.
2. por outra parte, o número de concursante, nome do produto e nome e apelidos do autor. Esta parte permitirá identificar os gañadores despois do fallo do xurado.

- **Cando traer os doces?** o mesmo día **20 de decembro** de 2007 entre as **15.30 e as 18.30 h.**, coa súa **tarxeta** correspondente.
- **Que podo gañar?** Os doces optarán a **2 grandes premios:** vales de ACOTES (Agrupación de Comerciantes de Santiago) por valor de...

1º premio: 80 EUROS
2º premio: 40 EUROS

- **Quen forma parte do xurado?** Membros da comunidade educativa (profesores, alumnos e PAS) que queiran tomar parte voluntariamente, entre as 18.45 e as 19.15 horas do xoves 20 de decembro. Como **máximo** haberá **15 persoas** no xurado.

Cada membro poderá votar como máximo dous doces, tendo en conta a presentación e o sabor.

- **Degustación dos doces:** Unha vez rematada a cata do xurado, os produtos **serán degustados polo público en xeral**. Pídese a colaboración do alumnado para traer bebidas. A EOI poñerá **vasos e panos de papel**.